



### FINALIDADE (TIPO DE ACTIVIDADE)

Facer guiión e debuxar tira de cómic.



DURACIÓN  
50'



MATERIAIS  
Ficha anexa 1  
(marco viñeta cómic:  
1 por cada foto que  
se imprima).

Folios.

Bolígrafos.

Cámaras de fotos.

Impresora.

Rotuladores.

Fita adhesiva.



### OBXECTIVO

Reflexionar sobre que condiciona as posibilidades de ocio e cultura entre a poboación infantil e adolescente e nas contornas onde se desenvolve a súa vida e propor solucións.

# “VIÑETAS DE OCIO”

## DESENVOLVEMENTO

1º. Faise unha choiva de ideas sobre como gozan as nenas, nenos e adolescentes do seu ocio e tempo libre, que actividades fan e a que lugares van. E se anotan nun sitio visible.

- Algunhas ideas son: ir ó parque a xogar nas randeiras, ir ó cine ou ó teatro, practicar fútbol, ir a natación, ir a clases de guitarra, visitar unha exposición, xogar a videoxogos, ler libros, etc.

O grupo pode dar unha volta pola zona para ver que espazos de ocio e de actividades culturais hai na contorna para ter máis ideas e para detectar se na súa contorna hai máis ou menos oferta.

2º. Fanse equipos e cada un elixe unha das ideas dadas. Fan un pequeno guiión de cómic cun máximo de 4 viñetas para representar a unha nena ou un neno gozando desa actividade.

- Algunhas ideas son: historia dunha nena ou neno pasando o verán, historia dunha nena ou dun neno indo ó teatro, historia dunha nena ou dun neno xogando, etc.

Unha vez feito o guiión, sácanse fotos para cada unha das viñetas do cómic para representar cada escena.

- Sas fotos poden ser de obxectos, paisaxes, representacións feitas polas propias mozas e mozos coma “modelos”, etc.

Imprímense as fotos do mesmo tamaño e débúxanse e escríbese enriba da foto o que se queira para que o guiión deseñado teña sentido. Finalmente, as fotos péganse no marco ficha anexa de xeito continuo para deseñar unha tira de cómic.

3º. Lese o artigo 31 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito ó ocio, ó xogo e ás actividades culturais entre todo o grupo para poder detectar máis situacións de vulnerabilidade deste dereito nos cómics.

- Art. 31 CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno ó descanso e á recreación, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes”. “2. Os Estados Partes respectarán e promoverán o dereito do neno a participar plenamente na vida cultural e artística e propiciarán oportunidades axeitadas, en condicións de igualdade, de participar na vida cultural, artística, recreativa e de recreación.

Ligazón a [versión adaptada da CDN](#) para mozas e mozos de 9 a 12 anos. ([versión pdf](#)).

4º. Póñense en común e cada equipo debe dicir se fixeron unha historia dunha nena ou neno en situación de pobreza e dependendo da resposta faise unha destas 2 preguntas:

- Se dixeron que si (fixeron un cómic sobre unha nena ou neno en situación de pobreza): que cousas debuxaron para a/o representar?
- Se dixeron que non: como sería ese debuxo se esa nena ou neno estivera en situación de pobreza?

O resto do grupo pode contestar a esas pregunta, inda que non fixeran o cómic.

Entre todo o grupo vanse dando solucións/propostas a cada unha das representacións de pobreza que se dixeran dos cómics. Recóllense as ideas para podelas embocar no formulario de conclusións.

Pódense facer de cómic en cómic segundo se vaia contando, é dicir, intercalando as propostas no punto 3º ou ben esperar a presentar tódolos debuxos e facer propostas comúns a todos.

9 A 12  
ANOS



Ocio e  
cultura

# “VIÑETAS DE OCIO”

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

### Que viches/que sabes (observación)

- As actividades de ocio e cultura que fan as nenas, nenos e adolescentes dependen da situación económica que teñan? Como?
- Sabedes se as zonas de ocio onde hai máis situacións de pobreza son diferentes a outras zonas? En que xeito?
- Que espazos e actividades de ocio e cultura teñen as nenas, nenos e adolescentes máis vulnerables?

### Que pensas (opinión)

- Pensades que algunhas nenas, nenos e adolescentes teñen máis espazos de ocio e máis posibilidades de ir a actividades culturais? Cal é a causa de que isto ocorra?
- Credes que as situacións de pobreza inflúen no xeito de gozar do ocio e a cultura que teñen nenas, nenos e adolescentes?
- Pode afectar na vida das nenas, nenos e adolescentes non poder ter espazos e actividades de ocio e cultura? Como?

### Que propós (propostas)

- Que se debería facer para asegurar que tódalas nenas, nenos e adolescentes teñan igualdade de oportunidades sobre o ocio e a cultura?
- Como se podería facilitar que as nenas, nenos e adolescentes máis vulnerables poidan ter acceso ós recursos de ocio e cultura?
- Quen debería de se encargarse de que tódalas nenas, nenos e adolescentes teñan a mesma igualdade de oportunidades para gozar do ocio e cultura? Como?

## SUXESTIÓNS PARA ADAPTAR A ACTIVIDADE

No canto de empregar fotos para crear a historia, pódese facer con algunha ferramenta dixital, por exemplo: cos cómics anime de Genially. Ligazón ao formulario

## LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

9 A 12  
ANOS



Ocio e  
cultura

9 A 12  
ANOS



Ocio e  
cultura

ANEXO 1

Marco  
viñeta cómic

**YEAH**